

ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL 16

Castro de San Lourenzo San Pedro de Cereixa (A Pobra do Brollón)

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 30 de xaneiro de 2018



O castro San Lourenzo, situado na parroquia de San Pedro de Cereixa (A Pobra do Brollón, Lugo), é un poboado forti. cado ergueito entre os séculos I-II da nosa era para albergar os traballadores nas explotacións auríferas da bisbarra, que probablemente estivo vencellado tamén á metalurxia do ferro. En época altomedieval a poboación labrega de Cereixa construíu unha ermida na honra de San Lourenzo, que foi rehabilitada en 1876, para caer despois no abandono. Entre 1960-1970 a ladeira suroeste do castro viuse afectada por unha explotación de grava e area.

En 2016 a Asociación de Veciños María Castaña, da parroquia de San Pedro de Cereixa, e o Concello da Pobra do Brollón interesáronse na súa recuperación patrimonial, da que xurdiu unha primeira intervención arqueolóxica coparticipada pola comunidade local de Cereixa, o Grupo de Investigación en Patrimonio Construído da Universidade do País Vasco, do Instituto de Ciencias do Patrimonio (CSIC), o Concello da Pobra do Brollón e a Fundación Abanca. No ano 2017 leváronse a cabo dúas novas intervencións, a última realizada grazas a unha subvención de AGADER.

Os resultados destas intervencións amosan a extrema complexidade dun sitio arqueolóxico que experimentou sucesivas ocupacións e reocupacións ao longo de practicamente 2000 anos. Os investigadores mostrarannos os primeiros resultados, obtidos grazas a un proxecto que xorde fundamentalmente da iniciativa da comunidade local, onde a colaboración entre diferentes equipos e entidades se torna fundamental.

PROGRAMA

17:00 horas

Presentación

Rebeca Banco-Rotea

17:15 horas

Nas orixes da Ribeira Sacra: os misterios
arqueolóxicos do castro de San Lourenzo

Xurxo M. Ayán Vila

17:45 horas

Polas terras de María Castaña: socialización do
patrimonio do castro de San Lourenzo

Xosé Gago García-Brabo

18:15 horas

Debate-coloquio

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

COORDINA

Rebeca Blanco Rotea

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao encontro.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

